

COMUNICADO Nº 282/23
30 DE OUTUBRO DE 2023

RESOLUCIÓN SOBRE O EQUIPO RESPONSABLE DOS CARCROSS JÚNIOR
BECADOS POLA FGA EN 2024

A Federación Galega de Automobilismo comunica que despois do peche de recepción de solicitudes para ser o equipo fornecedor dos dous carcross becados no Campeonato de Galicia de Autocross júnior o escollido foi a compañía coruñesa Ya-Car.

O equipo foi o que mellor oferta presentou das enviadas á sede da Federación Galega de Automobilismo baixo as condicións solicitadas no comunicado 197/23. O prezo no que quedou fixado é de 2.500 euros + IVA (por carreira) pola xestión completa do equipo.

A FGA quere agradecer a súa vontade de ser fornecedor dos becados aos diferentes constructores que presentaron as súas ofertas e tamén a todos aqueles que sen chegar a presentar unha proposta formal estiveron en contacto para informarse das condicións. Agardamos que nos anos vindeiros ese interese derive en interesantes colaboracións que beneficien aos federados de Galicia.

Nos próximos días presentaranse as novas bases de selección dun dos pilotos do equipo júnior, que sairá dun proceso aberto. O outro integrante sairá do Campionato Galego de Karting que pechará a tempada no mes de novembro.